

**ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH**

Dirección do proxecto	
Nome: Carmen Vázquez Pampín	
Enderezo electrónico: cvazquez@uvigo.es	Teléfono: 986 812 450
Co-dirección do proxecto	
Nome: Xavier Simón Fernández	
Enderezo electrónico: xsimon@uvigo.gal	Teléfono: 986 812 512
Bienio	22-24
Número de participantes (máx. 4)	

Título

ANALIZANDO A DIETA ALIMENTARIA NO MEU IES: VENDO ALÉN DO PRATO
--

Resumo

<p>Comer é unha actividade vital para todos os seres humanos. Comer é algo máis que inxerir calorías, proteínas e carbohidratos.</p> <p>Nun contexto como o actual, caracterizado polos problemas cardiovasculares nas economías occidentais, polos problemas de subalimentación nas economías subdesenvolvidas e polos problemas ambientais de primeira magnitude a escala global como o cambio climático e a perda de biodiversidade, comer converteuse nun acto con consecuencias económicas, sociais e ambientais.</p> <p>Neste proxecto de investigación, mediante o uso de indicadores como a pegada do carbono ou o uso da enerxía, entre outros, estimaremos os impactos da dieta máis común no IES.</p> <p>Así mesmo, faremos simulacións sobre que ocorrería se os alimentos percorreran menos quilómetros, se os alimentos foran producidos mediante sistemas de produción ecolóxica e se a dieta fose vexetariana.</p>
--

Obxectivo

<ol style="list-style-type: none"> 1. Familiarizarse coa necesidade de usar un conxunto variado de indicadores ou varas de medir para a avaliación dos sistemas socioeconómicos. 2. Comprender o significado social, económico e ambiental que teñen decisións domésticas e diarias, como é a elección dos nosos alimentos. 3. Reflexionar sobre a necesidade de reconfigurar o sistema socioeconómico para evitar os problemas ambientais globais e avanzar na xustiza social 4. Definir estratexias para pór en valor o medio rural local/comarcal/ rexional como fonte de riqueza.

Plan de traballo

Propóñense as seguintes actividades:

1. Discusión en grupo sobre a natureza do problema que queremos analizar. Definición do sistema e os seus límites de análise.
2. Recopilación de información e datos sobre o sistema agroalimentario da túa cidade/comarca/país.
3. Caracterización da dieta máis común da comunidade educativa do IES.
4. Traballo con referencias bibliográficas que permitan configurar a análise global da dieta: análise do ciclo de vida dos produtos. Indicadores biofísicos: pegada do carbono; consumo de enerxía, etc.
5. Realización dos cálculos dos indicadores para a dieta máis común.
6. Fixación dos diferentes escenarios de consumo: menos distancia; diferentes sistemas de produción; máis vexetais, etc....
7. Obtención de resultados e análise.
8. Recomendacións da política educativa, política alimentaria, política sanitaria, etc.
9. Conclusións